

Reformas da II República.

A instauración da Segunda República supón o inicio dunha serie de reformas en diversos ámbitos, como os que aparecen reflectidos nos documentos 1,2 e 3. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan neles, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á caracterización xeral da mesma, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron (Doc. 4), e aludindo ás derivacións ou desenlace da confrontación en torno a tales medidas.

Doc.1.- No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principios problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:

“ A revolución política, é decir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españoles ata a raíz. Estes problemas, ao meu entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas inventounos a República (,,). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

Doc.2.- Lei de Bases da Reforma Agraria(1932):

“ Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...)
4. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, aparcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (..)
5. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes(...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.
6. As que constituiron señoríos xurisdiccionais (...).
7. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

Doc. 3.- O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:

“ Art.1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat(...)

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...)

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

Doc.4.- Manifiesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):

“ Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas(...).

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis ou menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.

O desgaste da Restauración chegara ó seu fin. O 98, a Semana Tráxica, a crise do 17 e Annual ,sobre todo, desembocarán na Dictadura de Miguel Primo de Rivera e na reorganización das forzas republicanas. Estas últimas, de moi dispares afiliacións lograrían unir os seus ideais políticos no chamado Pacto de S. Sebastián (1930). Primo de Rivera acabaría dimitindo, o Rei chamaría a formar goberno a Berenguer e posteriormente a Aznar (a chamada Dictablanda). Todo acabaría nunha convocatoria de eleccións, as de Abril de 1931 coas que comezaría a 2ª República.

As eleccións do 31 supuxeron a victoria das posturas republicanas e socialistas polo que o 14 de Abril, primeiro en Eibar, e pouco máis tarde noutras moitas capitais, a poboación saíu á rúa e proclamou espontaneamente a 2ª República. Alfonso XIII parte para o exilio. Asume o poder un Goberno Provisional presidido por Alcalá Zamora que decreta amnistía xeral, proclama as liberdades públicas e sindicais e comeza a elaborar o que serán as grandes reformas. Despois dunhas eleccións, en Xuño, a Cortes Constituíntes nas que venceu de novo a alianza republicano-socialista, comeza o chamado “ Bienio Reformista” ou “ Bienio Azaña”, líder de Acción Republicana e Xefe de Goberno, él será o impulsor das grandes reformas. Precisamente o **Doc 1** é un fragmento dun discurso do novo Xefe de Goberno.

A República plantexábase unha rexeneración total e absoluta do Estado español e para elo aprobarábase unha serie de reformas inmediatas que dalgún modo xa aparecen preanunciadas na Constitución aprobada no 31. Esta declaraba a España un estado integral, mais ó mesmo tempo contemplaba o dereito ás Autonomías das rexións que o requirisen. Ademais sería un Estado totalmente laico; recollía tamén a posibilidade, a causa de utilidade social, dunha expropiación e socialización agraria .

No seu discurso Azaña numera todos estes problemas facendo especial fincapé na “cuestión relixiosa”, o que provocará xa dende o principio a alarma do sector eclesiástico. Desatarábase unha forte corrente anticlerical sobre todo nas zonas e capitais de predominio anarquista. A reforma relixiosa ,ademais da declaración oficial de laicismo, suporía a perda de influencia da Igrexa en materia educativa, o peche da orde dos Jesuitas (Lei de Congregacións), a desaparición do apoio económico por parte do Estado, a prohibición das súas actividades económicas, a aprobación do divorcio e o matrimonio civil, a municipalización dos cemiterios.

Á polémica reforma relixiosa uniríase a non menos controvertida Lei da Reforma Agraria, referida no **documento 2**. Como xa dixemos tamén estaba preanunciada na Constitución.

As desamortizacións da época isabelina só serviran para concentrar a terra en novas mans, as da burguesía. Así, o réxime señorial só modificara o grupo privilexiado, antes era a Nobreza e agora a burguesía. Isto comportou un continuo atraso agrario, nas técnicas, na produtividade, na mecanización etc. Xa que os novos propietarios conformábanse con seguir cobrando rendas. Os campesiños foron os que máis sufriron esta situación, polo tanto é a eles a quen máis beneficia a Reforma Agraria planeada pola República. A peor situación vivíana os “sen terra” é dicir os xornaleiros, que por outro lado eran a maioría dos campesiños, sobre todo nos latifundios (Andalucía e Extremadura).

A reforma xa se iniciou durante o Goberno Provisional sendo Ministro de Traballo Largo Caballero. Obrigábase aos patróns a contratar xornaleiros residentes no concello; os amos non debían deixar sen traballar as súas terras; os contratos de arrendamento eran prolongados automaticamente; aplicábanse ós campesiños dereitos

que xa disfrutaban os obreiros das fábricas: xornadas de oito horas, seguros de accidente, maternidade etc.

Neste 2º documento reflíctense os casos nos que o Estado pode expropiar as terras: as entregadas voluntariamente, as incultas, os restos de antigos señoríos xurisdiccionais etc. A lei contemplaba indemnizacións por estas expropiacións, pero isto non foi sempre posible dadas as dificultades económicas .

A Reforma Agraria suscitou fortes tensións entre terratenientes e campesiños. Os propietarios, o mesmo que a Igrexa estarán enfrontados á República dende o principio.

Outro gran tema polémico da Constitución española do 31 era a concesión de Autonomía ás, posteriormente, chamadas “Nacionalidades históricas”. Cataluña xa se erixira como Estado dentro da República Federal nos primeiros días da instauración do novo goberno. Varios Ministros viaxan a Barcelona e negocian con Maciá que renuncia ás pretensións iniciais a cambio dunha aceleración do proceso autonómico para Cataluña. A votación en Cortes do Estatuto catalán foi todo un problema de acordos e desacordos entre as forzas republicanas de dereitas e esquerdas. Despois do intento de golpe de estado por parte do Xeneral Sanjurjo, Azaña tomará a iniciativa do proceso e os catalans gozarán de Estatuto dende o ano 32. Algúns artigos referidos ó idioma e á Generalitat aparecen recollidos no **documento 3**. O primeiro Presidente da Generalitat será Francesc Maciá e despois Lluís Companys, ambos do partido Esquerra Republicana.

O Estatuto vasco será aprobado no 36, xa comezada a guerra civil, mentras que o galego , que chega á Cortes ó mesmo tempo que o vasco, non se aprobará ao quedar Galicia en zona sublevada.

A concesión de autonomías molestará ós partidos de dereitas defensores da integridade nacional, e especialmente ó Exército que se consideraba a si mesmo salvagarda da unidade da Patria. A partir deste momento as ideas golpistas empezan a funcionar e haberá unha primeira intentona, como xa dixemos antes, no 32, a chamada “sanjurjada”.

È así como, chegando ó **documento 4**, atopámonos cunha reorganizada dereita, apoiada dende un sector do Exército, e que se presenta como a solución a todas as disensións sociais provocadas pola política “anticatólica, antieconómica e antinacional” dunha República proclive ó socialismo, dende o seu punto de vista.

As reformas deste primeiro Bienio provocaron un forte enfrontamento social, pola impaciencia duns (sindicais obreiros anarquistas, e da UXT, parte do PSOE) que acabaron chamando á República burguesa, e polo recrudescemento das reaccionarias posturas doutros (patronal, terratenientes, dereitas, militares, igrexa). Deste xeito, a dereita reorganizouse e fixo alianzas ante a oportunidade que presentaban unha novas eleccións, as do ano 1933; estas dereitas serán as fusionadas no Movemento Nacional da guerra civil. A coalición mais ampla será a CEDA de Gil Robles; fundarase tamén a Falange de José Antonio Primo de Rivera.

O texto falanos dunha destas coalicións electorais, a candidatura antimarxista por Madrid, e dos seus obxectivos primordiais: acabar con todo o lexislado ata agora e reformar a Constitución.

Así, baixo o goberno de Lerroux (Partido Republicano Radical) e co apoio da CEDA, a España reformista inicial irá agora por outros derroteros. Paralizaranse todas as reformas citadas, agás sorprendentemente, a reforma militar que só foi levemente modificada.

A coxuntura económica tamén era diferente, as dificultades da crise do 29 desapareceran, e a inversión privada incrementouse gracia á confianza dos inversores neste novo goberno de centro-dereita. Sen embargo as revoltas sociais aumentaron chegando ó punto culminante no ano 34, cando a CEDA reclama o seu posto no goberno. Asturias convertese nun foco revolucionario e sufrirá unha tremenda represión. Cataluña ve suspendido o seu Estatuto e detido o seu Goberno.

A victoria da Fronte Popular en Febreiro do 36 reactiva as reformas e repón o Goberno e o Estatuto catalán, mais por pouco tempo, a conspiración militar para dar un golpe de Estado xa está en marcha, e é que certamente un país con estruturas tan tradicionais e atrasadas como era España daquela non estaba preparado para a experiencia reformista e modernizadora que trouxo consigo a República.